



## PRESTACIÓN POR CESAMENTO DE ACTIVIDADE PARA PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS ATA O 31 DE MAIO

### 1. POR SUSPENSIÓN DE TODA ACTIVIDADE:

#### **Beneficiarios/as:**

Dirixida a autónomos/as obrigados a suspender temporalmente toda a súa actividade como consecuencia dunha resolución administrativa para a contención da propagación da COVID-19.

#### **Requisitos:**

- Estar afiliado/a e en alta no réxime especial de traballadores autónomos antes do 1 de xaneiro de 2021.
- Estar ao corrente de pagamento nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- Que todas as súas actividades se suspendesen por imposición das autoridades.

#### **Contía:**

- 50 % da base mínima de cotización.
- 70 % se é membro de familia numerosa e a súa actividade constitúe a única fonte de ingresos.
- 40 % se convive con outro membro que teña dereito á mesma prestación.

#### **Duración:**

Desde o día seguinte ao de entrada en vigor da medida de peche da actividade e ata que finalice o último día do mes en que se levante a restrición ou, como máximo, o 31 de maio.

#### **Información complementaria:**

- Exoneración de cotas.

### 2. COMPATIBLE CO TRABALLO POR CONTA PROPIA

Dirixida a autónomos/as que sufriran unha perda importante de ingresos e continúen desenvolvendo a actividade.

#### **Requisitos:**

- Estar afiliado/a e en alta no RETA no momento da solicitude.
- Acreditar un período mínimo de cotización por cesamento de actividade de, polo menos, 12 meses.

- Non ter cumprida a idade ordinaria para causar dereito á pensión contributiva de xubilación.
- Estar ao corrente de pagamento coa Seguridade Social.
- Redución da facturación de, polo menos, o 50% durante o primeiro semestre de 2021 en relación co segundo semestre de 2019.
- Non ter rendementos netos superiores a 7980 euros durante o primeiro semestre de 2021.
- No caso de ter traballadores/as a cargo, atoparse ao corrente de toda obriga en materia laboral e de seguridade social.

**Contía:**

- 70% da base de cotización.
- 50% da base mínima de cotización, se se compatibiliza co traballo por conta allea cun salario inferior a 1,25 veces o SMI.

**Duración:**

Máximo catro meses contados desde o 1 de febreiro de 2021. Os autónomos e autónomas que esgotaran o dereito á prestación porque a percibiron durante o trimestre anterior, poderán seguir percibíndoa ata o 31 de maio, sempre que teñan dereito a ela o 1 de febreiro de 2021.

### 3. EXTRAORDINARIA PARA OS/AS AUTÓNOMOS/AS QUE NON CAUSEN DEREITO Á PRESTACIÓN POR CESAMENTO DE ACTIVIDADE ORDINARIA

Dirixida a autónomos/as que non cumpren os requisitos de acceso á prestación compatible coa actividade (ter tarifa plana ou non ter cotizado nos últimos doce meses).

**Requisitos:**

- Afiliados/as e en alta no réxime especial de traballadores autónomos antes do 1 de abril de 2020.
- No ter rendementos netos procedentes da actividade por conta propia no primeiro semestre de 2021 superiores a 6650 euros.
- Acreditar no primeiro semestre de 2021 ingresos inferiores aos do primeiro trimestre de 2020.
- Estar ao corrente de pagamento nas súas obrigas coa Seguridade Social.

**Contía:**

- 50% da base mínima de cotización.
- 40% se convive con outro membro que teña dereito á mesma prestación.

**Duración:**

Máxima de catro meses contados desde o 1 de febreiro de 2021.

**Información complementaria:**

Exoneración de pagamento de cotas.

**4. PARA AUTÓNOMAS E AUTÓNOMOS DE TEMPADA**

Considéranse traballadores/as de tempada aqueles/as cuxo único traballo ao longo dos anos 2018 e 2019 se desenvolvera no RETA ou no RETMAR durante un mínimo de catro meses e un máximo de seis en cada un dos anos.

Por outro lado, considerarase que o traballador/a autónomo/a desenvolveu un único traballo en 2018 e 2019 sempre que, se estivo de alta nun réxime da Seguridade Social como traballador/a por conta allea, esta alta non supere os 120 días ao longo deses anos.

**Requisitos:**

- Estar afiliado/a e en alta no RETA durante, ao menos, catro meses e un máximo de seis cada un dos anos 2018 e 2019. Dous destes meses deberán estar entre xaneiro e xuño.
- Que non estivese de alta como traballador/a por conta allea máis de 60 días durante o primeiro semestre de 2021.
- Que non obtivese ingresos netos superiores a 6650 euros durante o primeiro semestre de 2021.
- Estar ao corrente no pagamento das cotas á Seguridade Social.

**Contía:**

- 70 % da base mínima de cotización.

**Duración:**

Máxima de catro meses contados desde o 1 de febreiro de 2021.

**Información complementaria**

- Exoneración de pagamento de cotas.